

Arantza Portabales, escritora: "O oficio de contar ten que sustentarse na honestidade"

Arantza Portabales (Donostia, 1973) reivindica en cada libro a esencia da novela negra. A escritora regresa agora con Asasinato no muíño do Cura (Editorial Galaxia, 2026) e achegouse até a redacción de 'Nós Diario' para descubrir algúns dos segredos desta nova entrega da súa popular serie 'Os crimes de Loeiro'.

[Antón Escuredo](#)

11 de abril de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/arantza-portabales-escritora/20260411090301253094.html>

—Leva once anos no mundo literario. Descubriu o segredo para captar en boa medida a atención de lectoras e lectores?

Comecei cos microrrelatos e sigo pensando que o que se pode contar en cinco palabras non se conta en oito. Practico moito a economía da linguaxe cando escribo, cousa que non fago na vida real porque cando escribo permítome facer algo que non fago na vida: pensar antes de falar. Teño un estilo moi depurado.

Din que coido moito ao lector, que teño coidado coa xente. Realmente, gústame moito o que fago. Hai moita paixón e moita verdade no que escribo. Por suposto non hai verdade nos asasinatos mais cando unha historia ten verdade é cando realmente o que pasa ao redor dela nos chega.

Evidentemente non vivimos nun lugar onde a alguén lle cortaron a cabeza mais todos coñecemos sitios onde sabemos o que é que lle digan a unha “filla de solteira” ou que a outra “a deixou o mozo, a ver quen a vai querer agora”. Ao final son historias humanas. Penso que gusta moito retratar como somos e como fomos.

—Como é o oficio de contar sabendo que tes diante xente que segue as súas historias?

O oficio de contar ten que estar sempre sustentado pola honestidade e por unha clara vocación de lecer. Claro, a literatura tamén proe. Fainos enfrontarnos a nós como somos, ao que non nos gusta de nos mesmos. Mais iso encadrase dentro dunha actividade que ten que ver con algo para un mesmo que é ler, algo que evidentemente se perde. Mesmo estamos perdendo a capacidade de concentración como consecuencia dos móbiles. Agora estamos afeitos á inmediatez.

Pola contra, hai unha gran satisfacción cando a lectura engancha. Sempre conto a anécdota que tiven nun club de lectura da Once, con invidentes, no que me dixeron algo marabilloso: lendo séntense iguais aos demais. A razón disto é que nun libro entras a cegas. Cadaquén chega aos personaxes dunha maneira. Iso non o dá ningún tipo de actividade de lecer, nin no audiovisual, evidentemente. É o único espazo que tes para interactuar coa obra.

Un pouco tamén sucede coa arte, coa pintura, coa exposición artística na que o artista, o escultor, o pintor fai unha obra mais a sensación é propia da persoa que a mira. Por iso penso que ese é o espazo co que teño unha clara vocación de que a xente o pase ben. Temos que recuperar o divertido que é ler. Moitísimos dos meus lectores repítenme iso constantemente. E non me avergoña que os meus libros sexan entretidos.

—Ademais con novela negra...

Non lle quita ningún resto de intensidade literaria. Unha vez, un señor, despois de saber que facía novela negra, preguntoume cando faría “unha novela de verdade”. Claro, porque O nome da rosa ou O talento de Mister Ripley non son novelas de verdade... Estamos falando de alta literatura. O comercial sempre renxe. A miña finalidade non é a procura dun éxito comercial. Evidentemente é marabilloso que che lean, para iso escribes.

Sobre todo para poder vivir disto que é un luxo que agora me estou permitindo. Mais iso ten que ser o resultado. Hai dous tipos de escritores: os que gustan de ser escritores e aos que lles gusta escribir. Son conceptos distintos. Ademais, hai moita xente vivindo do libro. Desde quen fai a capa até o libreiro. Non se vive da arte, isto é un negocio. Temos que pór en valor o que facemos.

—Neste libro non esquece algúns referentes, desde Agatha Christie até Os tres investigadores...

Si, lembrei de repente o personaxe de Júpiter Jones do que eu era moi fan. Como protagonista tiña un físico diferente aos habituais co que eu me sentía identificada. Hai moitos referentes. Nós somos esa xeración que entramos na vida a través dos libros. Os rapaces de agora saben de todo mais nós só tiñamos esa ventá e a tele onde só botaban touros e misas. Os libros eran a resposta. O mundo estaba aí. Eu son moito esa nena Berta Freijomil. Pásalle a todos os escritores. Por ese motivo os meus personaxes achéganse aos 50 anos e hai 10 anos tiñan 40.

—Mantén algúns personaxes do universo Loeiro e aparecen outros. Como é ese proceso creativo para darlles vida?

A miña finalidade é que se coñezan por dentro. O lector non se vai lembrar como levan o cabelo Aurita, Ceci ou Trinidad mais si distinguirán que teñen personalidades moi marcadas e moi distintas. Quería tres mulleres metidas na súa casa, ao modo de Bernarda Alba, e que se vise a presión sobre elas como mulleres dos anos setenta. Do que significaba ter relacións sen estar casadas e de relatar o que é ser fillo de solteira. Por iso mesmo fago de Loeiro un lugar máis pequeno. Ademais, coloco momentos claustrofóbicos como o de que chegue unha muller, Alba Mariño, que non ten lembranzas como punto de partida. Tiña ganas de explorar o recurso da ausencia de recordos. Para min é moi importante debuxar os personaxes desde o punto de vista psicológico.

Na novela seguen personaxes coñecidos como Nolo, Toño, Benita ou O Portugués ademais de, evidentemente, Araújo, Santaclara e Sinda que evolucionan. Esta última, alcumada ‘Gestapo’, é un personaxe marabilloso ao que non se pode renunciar. Cae moi ben. Hai dous tipos de rexoubearas: as que queren saber e as que, ademais, xulgan o que fan os demais. ‘Gestapo’ é das

primeiras. E hoxe en día hai moito das segundas, por exemplo nas redes sociais onde hai moita supremacía moral e soberbia intelectual de crer que os demais están equivocados.

—Enténdese fóra da Galiza como era, e é, a sociedade do rural galego que relatas no libro?

Penso que no libro está moi explicado. Era necesario contar o que era ser muller nunha vila pequena, aínda que creo que era igual a outros lugares pequenos do resto do Estado. Outra cousa eran as cidades. Críeme en Donosti e cando viña aquí tiña a sensación de viaxar cara atrás no tempo. Miña nai traía o acervo cultural dun pobo pequeno e moi pouco comunicado do rural que estaba totalmente impermeabilizado, ademais nun contexto de ditadura. Para min foi un choque cultural. Aínda lembro a miña primeira matanza do porco para a que non estaba preparada.